


ALÉN DO MAR

PROXECTO DOCUMENTAL
INTEGRADO



CEE VILAGARCÍA DE AROUSA
CURSO 2018-2019

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN

2. TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

3. PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA

5. TAREFAS REALIZADAS

6. RECURSOS UTILIZADOS

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

9. AVALIACIÓN

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

1. INTRODUCCIÓN:

1.1. Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación:

No presente curso escolar o claustro do CEE Vilagarcía de Arousa decide, motivado pola biblioteca e tras a boa experiencia do proxecto documental integrado desenvolvido o curso pasado de xeito experimental (“Mirando polo camiño”), iniciar un P.D.I. no que participe toda a comunidade educativa. A temática escollida é o mar e o título “Alén do mar”.

O proxecto alimentouse do proxecto “O sabor da aventura está no mar: Amar o mar”. Unha relación simbiótica na que o beneficio proxectouse directamente nos alumnos.

As características do noso centro axústanse a metodoloxía baseada no traballo por proxectos e a construción do coñecemento do mundo de xeito activo e experimental. A diversidade do noso alumnado pode “incluirse” dentro deste plantexamento globalizador e multidisciplinar do proceso de ensino-aprendizaxe. Todos poden participar!



A **planificación** con respecto aos contidos, criterios e estándares de avaliación foi determinada polas diferentes propostas, tendo en conta os plans de actuación anual e os diferentes programas de intervención dos alumnos. Somos un centro de Educación Especial e como tal, adaptamos e configuramos o currículo ás necesidades do alumnado. Así, na planificación tivéronse en conta tamén os contidos curriculares establecidos na Etapa de Transición á Vida Adulta (T.V.A.), onde a autonomía persoal na vida diaria, a autonomía social no entorno comunitario e as aprendizaxes con carácter funcional e de inclusión social conforman os eixes fundamentais da actuación educativa.

1.2. Competencias clave:

Na realización das actividades propostas traballáronse as técnicas instrumentais básicas, pero tamén a adquisición de destrezas motrices, a percepción ou a atención. Dende a comunicación, a participación activa e a inclusión (entendida como un xeito de relación) integráronse, partindo dos aspectos máis sinxelos ata outros máis complexos (desenvolvemento piramidal), as competencias clave:

- **Comunicación lingüística (CCL):** na Etapa Básica o traballo cós pictogramas foi a principal ferramenta de comunicación. Na Etapa de T.V.A. xunto co ciclo formativo de Reprografía, as tarefas centráronse máis na mellora da expresión oral (pronuncia e construción de oracións ou discurso). A súa vez, a comprensión oral fomentouse coa escoita, non só dos compañeiros, senón tamén coa realización doutras actividades como a contada en lingua de signos (con apoio visual). Traballouse a expresión e comprensión escrita coa realización de fichas moi variadas e axustadas ao noso alumnado. Tamén se realizaron murais, adhesivos, cadernos viaxeiros...



- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** o traballo na Etapa Básica centrouse no afianzamento de conceptos básicos, como dentro/fóra, grande/pequeno ou a lateralidade. Asemade, temos alumnos que desenvolveron o cálculo mental ou a resolución de problemas reais.
- **Competencia dixital (CD):** empregáronse ordenadores, móbiles e tabletas para a busca de información. Ademais, nesta procura de información, moitas veces guiada, afianzouse a utilización dos códigos QR.



- **Aprender a aprender (AA):** a repetición de tarefas rutinarias e, ao mesmo tempo a variedade de actividades propostas centradas nun mesmo tema, fai que o alumnado reclame este tipo de aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** as propostas de actividades en equipo, as saídas, as actuacións inclusivas con outras entidades e centros... Facilitaron o desenvolvemento das condutas prosociais, das habilidades sociais e dos alumnos como cidadáns (que saúdan e se despiden ou que inician conversas).
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** as pequenas decisións relacionadas co traballo diario ou decidir de que disfrazarse supoñen un

esforzo para parte do noso alumnado. Así como, a solución dos pequenos problemas que van xurdindo. Pero, no noso centro, a iniciativa máis valorada é a de pedir axuda cando se precisa. Ben oralmente, ben co signo correspondente.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** a expresión manual e artística supuxo un foco importante de traballo dentro do proxecto, todos colaboraron na decoración do colexio e realizáronse, por exemplo, obradoiros de papiroflexia.



1.3. Calendario para as tarefas previstas:

Case todas as tarefas plantexadas durante o curso non se reflectiron en ningún calendario feito con antelación, son moitas as actividades realizadas no centro e resultaría case imposible axustar e seguir ese calendario.

Porén, o noso P.D.I. desenvolveuse básicamente en **tres etapas**:

- 1º trimestre: presentación do proxecto e motivación do alumnado.
- 2º trimestre: elaboración dos proxectos e procura da información.
- 3º trimestre: presentación dos produtos finais e exposición.


1.4. Alumnado e profesorado participante:

Todo o centro, tanto alumnado como profesorado participou, en maior ou menor medida, no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, o persoal non docente (coidadores) colaborou en todas as actividades que se lle propuxeron con grande entusiasmo.

1.5. Organización para a súa realización:


Todo o alumnado do centro participou no proxecto a través do proxecto **“O sabor da aventura está no mar: Amar o mar”**. Se ben, a Etapa Básica (4 aulas) xunto cun aula da T.U.A. con alumnado de características semellantes organizáronse para realizar un proxecto específico **“Quen vive no mar?”**, centrado na flora e na fauna mariña.

A aula laranxa (T.U.A.) puxo en marcha tamén, o seu propio proxecto investigando sobre os faros, o mundo do marisqueo ou a pesca. Así mesmo, aula marrón (T.U.A.) desenvolveu **“Troula a bordo”** un percorrido polos concellos do seu alumnado, vilas mariñeiras das que aprenderon cousas moi interesantes. Ademais, o ciclo formativo de Reprografía, mostrou a súa capacidade para recompilar información no seu **“Un mar de vida”**, investigando máis polo miúdo diferentes peixes e mariscos.



2. TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN:

O CEE de Vilagarcía de Arousa respira todos os días o aire mareiro, por iso, a decisión da temática de investigación resultou moi doada. O noso alumnado precisa coñecer o seu contexto máis próximo. Ademais, o mar é tan grande que pode aportar coñecementos, pero sobre todo, experiencias vivenciais á diversidade dos alumnos do centro. Cheiraron, saborearon, tocaron, escoitaron, viron, remexeron, pintaron, pasearon... Un mar de posibilidades para interactuar, investigar e aprender.



3. PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA:

O mar, como tema de investigación, douse a coñecer o primeiro día de clase dentro da 1ª fase do P.D.I.: presentación do proxecto e motivación do alumnado. Unha festa temática na que mergullamos aos alumnos nunha chea de actividades marítimas. Praia, contada, poesía, xogos... Foi o inicio dun trimestre no que a decoración tomou protagonismo.



Como fonte de motivación destacaremos tamén **tres visitas**. Na primeira, á Illa de Arousa, podemos observar a descarga do mexillón, recoller ameixa (investigando sobre os seus tipos) e degustar diversos produtos do mar. Na segunda, o coidado e limpeza da Praia da Concha achegounos outra vez a area e ao sal. Na terceira saída, tivemos a oportunidade de coñecer unha conserveira (Conservas Dardo) e o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA). Experiencias motivadoras e reais que fan que o noso alumnado poida acceder á información e o coñecemento.



Na **2ª fase do P.D.I.:** elaboración dos proxectos e procura da información. Os diferentes proxectos de investigación desenvolvéronse formando parte do traballo diario de aula. Ademais, “Amar o mar” puxo en marcha unha colección de materiais de traballo, adaptado para cada etapa, no que se propuxeron actividades moi variadas.

En febreiro, realizouse na biblioteca unha **contada en lingua de signos**, unha nova experiencia na que podemos coñecer novos signos relacionados co mar. Tamén visitamos, no concello de Dilagarcía, un **“food-truck”** no que o noso amigo o mexillón era o protagonista.

En marzo, celebrouse un **Entroido mariño** que encheu o centro de cor e ofreceu aos rapaces a oportunidade de representar e coñecer mellor as profundidades dos distintos proxectos.



Celebramos tamén o día 8 de marzo, lembrando as mulleres alén do mar e resaltando a súa importancia.



O Día da Poesía chegou cunha cesta cargada de peixe cheirando a frescura. O alumnado festexou este día recitando poemas de animais mariños.

O mes de abril, levounos ata **Portonovo** a coñecer a súa lonxa (onde puidemos simular unha puxa de peixe), ao porto e a praza.

Na 3ª fase do P.D.I.: **presentación dos produtos finais e exposición.** Os distintos proxectos centráronse na elaboración dos produtos finais e na preparación da presentación dos mesmos.

Amais, cada etapa fixo unha última saída. A Etapa Básica aproveitou a visita ao **acuario do Grove** para afianzar os coñecementos traballados durante todo o curso, fauna e flora fixéronse realidade nesta excursión mariñeira. A Etapa de

Transición á Vida Adulta visitou o Museo do Pobo Galego onde os recibiron cunha proposta didáctica baseada no mundo do mar.



E, todo o centro, pasámolo en grande na excursión de fin de curso, un día para desfrutar da praia e dos deportes marítimos.




Finalmente, o día De rematar o P.D.I. chegou e os rapaces activaron todas as súas capacidades nunha **exposición final** que saíu mar de ben.




4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA:

- **Para o profesorado:** co fin de facilitar o desenvolvemento do proxecto e, promovendo unha liña de actuación conxunta, a biblioteca distribuíu, ao principio do curso, unha táboa onde reflectir os elementos máis importantes do mesmo.



- **Para o alumnado:** entre o material elaborado para o alumnado temos que destacar o producido por o proxecto “Amar o mar”. Dende o mes de outubro ata o mes de maio, repartíronse 8 unidades didácticas (cada unha centrada, principalmente, nun animal mariño) cunha proposta de tarefas moi variada e material manipulativo específico. Ao tempo que ían completando as distintas unidades os alumnos, nun proceso de autoavaliación, completaban tamén o seu álbum de adhesivos.




Ademais, as familias recibían a oferta de achegar unha receita do peixe ou molusco traballado.

5. TAREFAS REALIZADAS:


Foron moitas as tarefas realizadas polo alumnado relacionadas có P.D.I.: participaron na decoración das aulas e centro, colaboraron na preparación dos disfraces, exposicións orais, investigación e tarefas rutinarias dentro da aula...

Ademais, destacaremos:

- A realización de distintas receitas de cociña e degustacións.



- Actividades para as mesas de luz: gaveta do mar, xogo de pesca, tangram mariño, sopa de letras, o bote da calma...



- Actividades relacionadas coa lectura: os clubs de lectura do centro estableceron unha constelación literaria baseada na temática do mar.



6. RECURSOS UTILIZADOS:

- **Recursos persoais:** a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), o cociñeiro Yayo Daporta ou “Ponlle as pilas ao teu bocata”, participaron neste proxecto no que o mar foi ben saboroso.
- **Recursos materiais:** durante todo o curso procuramos adquirir e diversificar os nosos “fondos mariños”.



Ademais, realizáronse outros materiais para a realización das distintas tarefas propostas.

- **Recursos organizativos e/ou formais:** as dúas aulas da biblioteca estiveron, xunto con todos os seus recursos, a disposición do profesorado e do alumnado.

Ademais, neste punto, temos que destacar a participación do profesorado no [PFPP P1831081 Elaboración dun proxecto documental integrado nun centro de educación especial.](#)

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

O noso P.D.I., “Alén do mar”, foi posible debido a implicación e apoio de todo o profesorado do centro, pero tamén do resto da comunidade educativa.

Coidadores e familias puxeron, non só un gran, senón moita area para que o proxecto navegase. Así mesmo, temos que agradecer o bo traballo realizado na coordinación do proxecto “Amar o mar”. Nesa relación que se estableceu o P.D.I. alimentouse moito das súas propostas.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE

EDUCATIVA:

- Blogs e páxinas web:

fridakallas.wordpress.com

amaromarceevilagarcia.blogspot.com

garatuxa.blogspot.com

anosalingua.atavist.com

clubdelecturafridakallas.wordpress.com

- Redes sociais:

Instagram [ceevilagarciadearousa](https://www.instagram.com/ceevilagarciadearousa)

Twitter [@isapataca](https://twitter.com/isapataca)

9. AVALIACIÓN :

O proceso de avaliación baseouse na observación directa dos resultados obtidos, así como en grupos de discusión e reunións do equipo de biblioteca. Valoráronse

non só as actuacións do alumnado, senón tamén a participación do profesorado e resto da comunidade educativa e, o desenvolvemento do proxecto en si mesmo. Neste senso, queda pendente unha reflexión máis detallada centrada nalgunha enquisa. O equipo de biblioteca valorou segundo este procedemento o Plan Anual de Lectura, pero non especificamente o proxecto documental.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

ESCOLAR:

A biblioteca actuou como promotora do desenvolvemento do P.D.I. no inicio do curso, pero o certo é que, o CEE Vilagarcía de Arousa carga unha mochila chea de experiencia no mundo do traballo por proxectos. Aínda que se organizaron algunhas datas puntuais, animouse e guiouse ao equipo docente, facilitáronse materiais e recursos... a colaboración e participación do claustro foi tal, que o proxecto flotou por si mesmo.



MEDRE O MAR

